

LA INTERVENCIÓN DE LA INSPECCIÓN DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL EN LOS PROCESOS LABORALES

Autor: Vizcaíno Ramos, Iván
Editorial: Ateller, 2024, 164 págs.

A máis recente monografía de Iván Vizcaíno Ramos, titulada “La intervención de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social en los procesos laborales”, permitirá ao lector comprobar que o proceso laboral, malia a súa dilatada historia e do seu exhaustivo estudo pola doutrina laboralista, presenta aínda territorios case inexplorados, que, baixo o bo olfacto xurídico e o traballo exhaustivo e rigoroso, ofrecen magníficos froitos, como o que resulta desta monografía, a cuarta en autoría exclusiva do autor. Nela demostra que o seu dominio sobre a disciplina xurídico laboral esténdese tamén ao vasto e apaixonante ámbito do proceso laboral.

O libro aquí apuntado estrutúrase en 9 capítulos, precedidos por un prólogo dos mestres coruñeses Martínez Girón e Arufe Varela, que poñen en valor este completo estudo dunha materia “non só orixinal, senón tamén rigorosamente inédita desde o punto de vista doutrinal, ata extremos indicibles”. Así mesmo, o propio autor ofrece “A xustificación da orixinalidade do tema” no capítulo introdutorio. Recorrendo de novo ás palabras dos seus mestres, realiza nel “un repaso esgotador e exhaustivo das obras doutrinarias existentes en España, tanto monográficas como xeneralistas, sobre o réxime xurídico da actuación da nosa Inspección de Traballo e Seguridade Social”, que xustifica sobradamente a orixinalidade do tema tratado. Entre as obras analizadas (manuais da materia, monografías sobre o papel da Inspección de Traballo e comentarios xerais sobre a Lei 36/2011, Reguladora da xurisdición social) destaca o estudo elaborado en 2007 por Arufe Varela e premiado como o

mellor traballo de investigación sobre materias relacionadas coa Inspección de Traballo e Seguridade Social. O interese da escola coruñesa pola Inspección de Traballo reproduciuse logo na monografía derivada da tese doutoral defendida por Francisco Vázquez Vázquez, en 2018 e prologada, como neste caso, polos profesores Martínez Girón e Arufe Varela.

O autor destaca no seu libro a atención insuficiente e a análise caótica e asistemático que merecera, ata o momento, o papel da Inspección de Traballo no proceso laboral. O tratamento sistemático e completo desta monografía ofrece, pola contra, un fío condutor co que, nas propias e modestas palabras de Iván Vizcaíno: “pretendía reforzar a miña contribución a unha concreta parcela da área de coñecemento de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, que considero transcendental, pero na que as miñas contribucións publicistas ata o momento presente foran máis ben modestas”.

As “consideracións xerais sobre a intervención da Inspección de traballo e de Seguridade Social, directa ou mediata, nos procesos laborais” expóñense no Capítulo Primeiro. A frecuencia coa que intervén procesualmente a Inspección de Traballo contrasta coas únicas 13 referencias expresas localizadas polo autor en Lei 36/2011, Reguladora da Xurisdición Social, das cales 11 delas refírense á súa intervención no proceso laboral a través de vías directas ou indirectas. O autor sinala e analiza os diversos mecanismos a través dos que a LRJS articula a súa intervención directa: en concepto de informante (arts. 95, 137, 138, 138 bis e 142); de solicitante de autorizacións xudiciais (art. 76); de receptor de comunicacións xudiciais (art. 147) e en impugnación de ordes de paralización de traballos por razóns de seguridade e saúde laboral (art. 152), todas elas analizadas exhaustiva e respectivamente nos capítulos segundo, terceiro, cuarto e quinto da monografía.

Aos anteriores han de sumarse os supostos de intervención “mediata”, aqueles nos que a relación entre o órgano xurisdiccional laboral e a Inspección “non se traba directa ou persoalmente entre eles, senón a través da intervención da autoridade laboral, aínda que cun protagonismo evidente e indiscutible da Inspección de Traballo e Seguridade Social”.

Son os supostos recolleitos tanto na LRJS (arts. 124, 148 e 151), como noutras normas específicas e amplamente diseccionados nos capítulos sexto, sétimo e oitavo desta completa monografía.

O capítulo noveno recorre á análise da doutrina xudicial e da xurisprudencia dos tribunais contencioso-administrativos, en tanto que só a través deles puideron canalizarse as demandas presentadas polos Inspectores de Traballo, en defensa dos dereitos e intereses derivados da súa condición de funcionarios públicos, que non terían xa que logo acceso a orde social.

O décimo e último capítulo, baixo o descritivo título de "Epílogo", contén as máis que interesantes reflexións conclusivas da monografía. Con espírito propositivo, Iván Vizcaíno Ramos analiza "a híper-especialización da Inspección de Traballo e Seguridade Social, despois de que estímulo para ampliar as súas posibilidades de intervención nos procesos laborais, incluídos os recursos". En particular, o autor contrasta "a hipertrofia da intervención do Ministerio Fiscal, malia a súa aparente falta de especialización en asuntos de Dereito do Traballo e Seguridade Social, e a paralela hipotrofia da intervención en procesos laborais da Inspección de Traballo e Seguridade Social, malia o seu evidente híper-especialización no devandito tipo de asuntos". Mostra desta situación é indiscutible protagonismo do que goza o Ministerio Fiscal nos procesos laborais, desde "a posición de parte principal (ou se se prefire, de parte para todos os efectos) non só na instancia, senón tamén nos procesos impugnatorios e, mesmo, nos procesos executivos, o que non ocorre en absoluto coa Inspección de Traballo e Seguridade Social". Ante este paradoxo, o autor propón potenciar o papel desta última a través da emisión de informes tamén sobre recursos laborais.

As dúas partes finais da obra- un índice tópico e unha relación da bibliografía empregada ao longo do estudo-, ambos de indiscutible utilidade, poñen o broche de ouro a esta excelente monografía, que transmite á perfección o desexo de Iván Vizcaíno Ramos de ofrecer un estudo completo, sistemático e de calidade sobre unha materia orixinal e ata o

de agora apenas explorada no âmbito do proceso laboral español.

YOLANDA MANEIRO VÁZQUEZ
Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade
Social
Universidade Santiago de Compostela (España)
yolanda.maneiro@usc.es